

Edicto relativo á aprobación definitiva da Ordenanza fiscal reguladora da taxa por licenzas de autotaxi e demais vehículos de aluguer do Concello de Teo.

O Pleno do Concello de Teo, en sesión celebrada o día 30 de outubro de 2007, aprobou inicialmente a Ordenanza Fiscal Reguladora da taxa por licenzas de autotaxi e demais vehículos de aluguer do Concello de Teo.

O expediente e a Ordenanza estiveron expostos ó público mediante anuncios inseridos no taboleiro de anuncios do Concello e no Boletín Oficial da Provincia nº 265 do 16 de novembro do 2007, polo prazo de trinta días.

Rematado o prazo de información pública, sen que se producira ningunha reclamación, faise pública a automática aprobación definitiva da devandita ordenanza fiscal, así como o texto íntegro da mesma, en cumprimento do disposto no artigo 17.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

A súa publicación definitiva realizouse no **BOP Nº 23** o luns **28 de xaneiro de 2008**.

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR LICENZAS DE AUTOTAXI E DEMAIS VEHÍCULOS DE ALUGUER

Artigo 1.-Fundamento e natureza

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, e de conformidade có disposto nos artigos 15 a 19 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a taxa por licenzas de autotaxi e demais vehículos de alquiler, que se rexirá pola presente Ordenanza Fiscal e polos artigos 20 a 27 do TRLRFL.

Artigo 2.-Feito imponible

Constitúen o feito imponible desta taxa a prestación dos servicios e a realización das actividades que, en relación coas licenzas de autotaxis e demais vehículos de aluguer a que se refire o Regulamento apraobado por Real Decreto 763/1979, de 16 de marzo, se sinalan de seguido:

- a) Concesión e expedición de licenzas.
- b) Autorización para a transmisión de licenzas cando proceda o seu outorgamento, con arreglo á lexislación vixente.

Artigo 3.-Suxeito pasivo

Están obrigado ó pago do precio público, en concepto de suxeitos pasivos contribuíntes, as persoas ou entidades a favor dos cales se outorgue a concesión e expedición da licenza, ou a favor das cales se autorice a transmisión da mesma.

Artigo 4.-Responsables

Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas e xurídicas ás que se refire o artigo 42 da Lei Xeral Tributaria.

Artigo 5.-Cota tributaria

A cota tributaria determinarase por unha cantidade fixa sinalada segundo a natureza do servizo ou actividade, dacordo coa seguinte tarifa:

1.-Concesión e expedición de licenza de calquera clase:.....	200€
2.-Transmisión intervivos:.....	100€
3.-Transmisiones mortis causa:.....	100€

Artigo 6.-Exencións e bonificacións

Non se concederá exención ou bonificación algunha ó pago da taxa.

Artigo 7.-Devengo

Devégase a taxa e nace a obriga de contribuír, na data na que o Concello conceda e expida a correspondiente licenza ou autorice a transmisión.

Artigo 8.-Declaración de actividades

1.-A relación das actividades e a prestación dos servizos suxeitos a esta Ordenanza Fiscal levarase a cabo a instancia de parte.

2.-Tóda-las cotas serán obxecto de liquidación para ingreso directo, unha vez concedidas as licenzas ou autorizacións de que se trate e realizados os servicios solicitados, procedendo os contribuíntes ó seu pago no prazo establecido polo Regulamento Xeral de Recadación.

Artigo 9.-Infraccións e sancións

Para a calificación das infraccións tributarias e as sancións que correspondan ás mesmas estarase ó disposto nos artigos 178 e ss. Lei 58/2003, Xeral Tributaria.

Disposición derogatoria

Queda derogada a Ordenanza Reguladora do Prezo Público por licenzas de autotaxi aprobada en 1998.

Disposición final

A presente Ordenanza Fiscal, da cal a redacción definitiva foi aprobada polo Pleno da Corporación en sesión de data 30/10/2007, entrando en vigor ó día seguinte á súa publicación no BOP, e manterá a súa vixencia en tanto non sexa modificada ou derogada expresamente.